

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

CENTRO: CRA de Oroso

CURSO: 2º Primaria

MATERIA: Educación Artística

DEPARTAMENTO:

DATA: 12/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas. 	EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.
	EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.). 	EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana. 	EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)	
BLOQUE 1. ESCOITA	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e	

características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural	EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
	EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas,
	EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.
B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaaas coas súas obras.
	EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
	EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL.	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.

<p>obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.</p>	<p>EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.</p>
<p>B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.</p>	<p>EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.</p>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Seguimento do traballo realizado na aula virtual (acceso). Análise da participación nas videoconferencias.
	Instrumentos: Informes de seguemento das propostas de traballos semanais. Informes da aula virtual do alumnado con datos de acceso. Folla de control do profesorado.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, basearémonos nas cualificacións do 1º e 2º trimestre do curso 19-20, valorando de xeito positivo o traballo deste 3º trimestre. A repercusión do traballo do 3º trimestre nas cualificacións finais do alumnado solo poderá ser positiva.</p> <p>Para cualificar ao alumnado na avaliación final/ordinaria, manterase a nota do 2º trimestre, podendo mellorarse, de ser o caso, polo traballo desenvolvido no 3º trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentés	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Fixéronse tarefas de repaso e reforzo empregando diversas aplicacións e ferramentas 2.0, individualizouse ao máximo o proceso de ensino-aprendizaxe.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Alumnado con conectividade: Publicación de propostas didácticas na aula virtual do centro. Videoconferencias grupais dúas veces por semana. Envío e recepción de materiais por diversas vías (teléfono, mail, aula virtual, aplicacións de mensaxería...)</p> <p>Alumnado sen conectividade: Contactos individuais e envío e recepción de materiais por diversas vías (teléfono, mail, aula virtual, aplicacións de mensaxería...).</p>
Materiais e recursos	Materiais dixitais e aula virtual do centro educativo e da editorial Santillana.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Padlet, videoconferencias, aula virtual e web do centro.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Publicada a información na web do centro, con data 14/05/20 e enviada unha mensaxe por abalarMóbil a cada un dos proxenitores.</p>